

Bases da convocatoria do IX certame de poesía erótica "Illas Sisargas"

Dando continuidade ao que xa se está a converter nunha tradición na convocatoria poética en lingua galega, a Asociación Cultural Caldeirón coa colaboración do Concello de Malpica de Bergantiños convoca o IX Certame de poesía erótica "Illas Sisargas", dacordo coas seguintes:

PRIMEIRA.

Poderán optar ao premio todo os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega.

SEGUNDA.

Os convocantes establecen un premio único dotado con 1.000 € e a publicación da obra premiada na colección Caldeirón, reservándose durante un prazo de dezoito meses os dereitos de editala, e entregarán ó/á gañador/a trinta exemplares.

TERCEIRA.

As obras que serán de temática erótica, terán unha extensión inferior a seiscentos versos, e presentaranse por triplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

As obras presentaranse baixo un título e/ou lema, achegados de plica na que conste o título e/ou o lema no seu exterior e contendo no

interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono.

CUARTA.

O prazo de admisión de orixinais remata o día 30 de setembro de dous mil catorce, e deberán enviarse ó Concello de Malpica de Bergantiños Avda. Emilio González López 1, 15113 Malpica de Bergantiños, indicando no sobre "IX certame de poesía erótica Illas Sisargas".

QUINTA.

O xurado estará composto por un representante do Concello de Malpica proposto polo Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños, un representante da Asociación Cultural Caldeirón proposto polo Presidente desta entidade e o gañador/a do certame inmediatamente anterior a esta convocatoria, quen poderá ser substituído por outra persoa de relevancia nas letras no caso de que, non lle fose posible acepta-la súa participación. Actuará como secretario o membro do xurado proposto polo Concello de Malpica, e no seu defecto poderá ser nomeado polo Presidente da A. C. Caldeirón.

SEXTA.

Os participantes terán a obriga de comunicar á organización a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posibel única, sendo necesaria a asistencia dos dous tercios dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O premio poderá ser declarado deserto ou compartido "ex aequo" por varios autores/as se o xurado o estima conveniente.

A decisión do xurado terá lugar no mes de novembro de 2014 e darase a coñecer nos distintos medios de comunicación, no marco da Cea das Letras, na cal deberá estar presente o/a gañador/a do certame.

SÉTIMA.

Non se manterá correspondencia sobre as obras presentadas. Agora ben, os interesados poderán retirar das oficinas do Concello de Malpica, Departamento de Educación e Cultura, as obras non premiadas no mes seguinte ó fallo do xurado a partir do día seguinte serán destruídas.

OITAVA.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Malpica de Bergantiños, 19 de maio de 2014.

O Presidente da Asociación Cultural Caldeirón

Francisco Quiroga López